

*Allí quedan los nietos
de quienes eran nietos
el día en que naciste
con un pan bajo el brazo.*

*Allí crecieron niños:
pájaros labradores de pequeño plumón y bocas amplias
para tragarse el sol, la luna, el bosque, el miedo negro.*

El pan, entre barrotes

(De *Ángulo de la Niebla*, libro incluído en *El pájaro mudo y otros poemas*, 2004b)

O reencontro coa terra está na orixe da escrita:

Cando retorno á aldea, sinto que o tempo non pasou e compórtome coma cando tiña trece anos. Os veciños ás veces dinme que as cousas xa non son como eran.

Cando estou alí, paréceme que entendo mellor o mundo. Meus pais están mortos pero eu falo moito con eles, danme bos consellos, fanme moito ben.

Cando estou na aldea durmo mellor, non hai insomnio alí.

Celebro moitísimo comer un bo caldo, unhas patacas con xudías, unhas patacas con pementos fritos, un pulpo, unha cunca de leite con castañas cocidas.

Celebro moitísimo o clima e a paisaxe, a natureza, os ríos, a auga, o verde, os animáis, o gando, os paxaros.

Todo canto escribín válese da miña aldea para encontrar a metáfora, o símbolo, todo. Todo o que eu escribo naceu alí, aínda cando escribo en castelán.

Verónica Martínez Delgado (1976). A emigración como escape¹²

*Chorei/denantes de coñecer / o mal / que se aveciñaba. / Non podía
imaxinar / que ía mudar de pelo a gaivota, / nin que endexamais /
volvería a ver / o mar*

(*Desterrada do meu corpo*, 2001)

A poeta sentiuse estranxeira en Madrid:

Ceguei a Madrid con 22 anos, recién rematada a carreira de Historia da Arte, con dez mil pesetas e escapando da precariedade laboral que se vivía e vive aínda actualmente en Galicia. Ao chegar a Madrid, atopei unha xente allea e simple, extraordinariamente hostil. Foron os primeiros en facerme sentir estranxeira e rara.

Lonxe, / tan lonxe / da realidade

(De *Desterrada do meu corpo*, 2001)

Á procura dun lazo coa terra, Sargadelos foi unha illa segura:

Na miña procura dun algo que me achegase á miña terra, busquei tanto laboral como afectivamente. Neste sentido dei coa galería Sargadelos de Madrid, que supuxo a miña pequena Galicia, onde me sentía nunha illa de protección inserida na violenta rudeza mesetaria. Afectivamente, entrei en contacto co Grupo Bilbao, un círculo *madrigalego*, que me axudou a superar o estrañamento. Froito desa relación, saíron colaboracións literarias, a maiores do meu primeiro libro individual, *Desterrada do meu corpo*. Así mesmo, ese achegamento ao Grupo Bilbao, fixo que asimilara e me aproximase á cidade que me acollía.

*Inventarme / un país / semellante ó do Principiño / para buscar o
noso año / xuntos. / E non atopamos / máis que rúas deformes, /
ateigadas de xente*

(De *Desterrada do meu corpo*, 2001)

A identificación voluntaria cun contorno diferenciado non impide a soidade:

¹² A poeta enviounos un documento que reproducimos, de aí que non se citen as páxinas dos poemas.

O establecemento consciente dun vínculo, neste caso co entorno e a cultura galega, fixo que a ruptura dese vencello, supuxese, alén das oportunidades profesionais e persoais que se abrían ao marchar da matria, un choque emocional que proporcionou un sentimento de soidade, en moitas ocasións do que non era consciente, que me facía ter presente a realidade coñecida que vivira antes da marcha. Supoño que, como mencionei ao principio do discurso, esas sensacións víronse incrementadas polo feito de ser, a miña, unha identificación voluntaria cun entorno diferenciado. Era eu moi consciente de que, o lugar ao que encamiñei os meus pasos, distaba moito, lonxe de valoracións en termos de positivo ou negativo, do que me era familiar.

*Crávame as unllas / nos antebrazos, / róeme os pés, / calquera dor,
/ antes de facerme / ficar aquí, / para sempre*

(De *Desterrada do meu corpo*, 2001)

Madrid convértese nun espazo de formación:

Involuntariamente, e malia sentirme enriquecida polas experiencias que estaba a experimentar en Madrid, interiormente estaba identificando as diferenzas con todo aquilo que proviña do meu acervo da infancia e a adolescencia. Porén, a miña etapa en Madrid mostrouse acugulada de momentos enriquecedores que, sen dúbida, axudaron a conformar a personalidade de hoxe.

*Aquí non hai / nin un mar / que levar á boca, / a través do que
poder fuxir / lonxe desta terra de seca*

(De *Desterrada do meu corpo*, 2001)

O cotián é un referente de comunicación coa matria:

As persoas que quedaran atrás, coas que mantivera sempre unha boa relación, malia pasar tempadas irregulares sen manter un contacto directo, pasaron a serme imprescindibles, sobre todo naqueles intres nos que a ociosidade me permitía retrotraerme. Imaxes do cotián lembrábanme momentos vividos no meu entorno familiar, e impulsábanme a manifestar esas relacións emocionais, comunicándome coas persoas que deixara atrás. Neste sentido, eran moi frecuentes as comunicacións telefónicas e as misivas, en forma de postais íntimas que metía en sobres

para gardar a confidencialidade. A miña única irmá ou amigos, cos que compartira momentos intensos da miña vida, eran o máis frecuente destino dos meus pensamentos, naqueles intres nos que calquera estímulo devolvíame a casa.

Habitada por fin / e desterrada / neste exilio voluntario

(De *Desterrada do meu corpo*, 2001)

A poeta reconece a construción dun ideal desde a ausencia:

Con todo, o regreso converteuse nun momento desexado e controvertido ao mesmo tempo. Coido que porque non desexaba volver á realidade que se estaba a vivir en Galicia por aquel entón, senón á realidade que eu construíra, a base de sensacións, na miña mente. Naqueles anos en Madrid, fixérame a idea dunha Galicia ideal, de misivas e emocións intensas, a través da xente coa que me comunicaba.

O regreso a Galicia foi tan difícil como a partida:

O regreso, devolveume á realidade da distancia con amigos e compañeiros, aos encontros puntuais con estes, e á perda, en parte, daquela complicidade que eu idealizara durante a ausencia. Neste sentido, o regreso converteuse nunha experiencia tan complexa e cargada de contradicións, como o fora a partida e a estadia en Madrid.

*Agora / sei / que Madrid / non existe. / Creaches / este gran
escenario / para min / cando aínda / me amabas*

(De *Desterrada do meu corpo*, 2001)

Conclusións

Os exilios, o “insilio” e a emigración lévannos, desde as escrituras destas catro mulleres galegas, ao sentimento de perda do propio, de abandono da terra e de desterro. Consideramos que a entrevista remitida por Constanza Tobío e os documentos escritos por Luz Pichel e Verónica Martínez cos poemas enviados, tamén, por elas, ofrecen ao lector unha xeografía de vivencias que se complementan co narrado por Mariví Villaverde en *Tres tiempos y la esperanza* (1962).

Estas catro 'historias de vida' manifestan os sentimentos de soidade, de procura e de nostalxia do 'paraíso perdido'. Catro mulleres, catro vidas, catro realidades, catro escrituras para reflexionar sobre o 'nomadismo' feminino galego.

A anécdota contada por José de la Colina (*apud* Crespo 2008: 90) exemplifica o verdadeiro problema que se reflicte nas 'historias de vida' das mulleres estudadas: o problema da identidade.

¿De dónde eres?, me había preguntado Castillo mientras esperábamos aquel autobús. Del exilio respondí. Pero si eres gachupín. No, qué gachupín; gachupín es tus padr...astros; soy del Exilio. ¡Yaa! Eso no existe. Me canso de que existe; está en los libros [...] ¿Y Exilio en qué parte de España está? En ninguna. Y entonces ¿Qué son los exiliados?

Cuestión de enfoque: Fotografía, muller e viaxe¹

Manuela Palacios

O presente capítulo presta especial atención ás interseccións entre xénero e mobilidade —muller e viaxe—, entre a experiencia individual e a colectiva, entre a experiencia real e a súa recreación subxectiva a través de documentos persoais como a fotografía e a que poderíamos denominar, tamén neste caso, 'historia de vida', entre a experiencia pasada e a memoria da mesma no presente, entre veracidade e ficción —así como as mediacións estética e ideolóxica—, sendo o principal obxectivo o de fornecer información sobre o papel da muller nos movementos migratorios e analizar as motivacións e circunstancias que favoreceron, forzaron ou dificultaron a mobilidade das mulleres, mais co convencemento de que esa información social e histórica pasa neste proxecto por unha serie de filtros cuxa relevancia merece a nosa atención.

Para esta reflexión sobre muller e mobilidade, pedinlles a nove escritores e escritoras do campo literario galego que comentasen unha fotografía dunha muller viaxeira da súa contorna —adoita ser unha muller da súa familia, pero non é así en todos os casos. Interésoume combinar

¹ A elaboración deste capítulo forma parte do proxecto de investigación "Ex-sistere: la movilidad de las mujeres en las literaturas gallega e irlandesa contemporáneas" financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad e FEDER (FFI2012-35872).